

## CGT en Ourense: Novo local sindical e novo secretariado



O pasado sábado, 15 de marzo, os compañeiros e compañeiras do Sindicato de Oficios Varios de Ourense inauguraban o seu novo local. O novo local sindical da **CGT de Ourense** está situado na **Rua Rei Soto, nº 1, 2º esquerda**.

Asímesmo, tivo lugar unha Asamblea Xeral do sindicato na que se produxo a elección dun novo Secretariado Permanente do SOV co compañeiro Serafín Rodríguez (ferroviario) na responsabilidade de Secretario Xeral.



Na Asamblea se puxo de manifesto a necesidade de reorganizar a actividade sindical, coa potenciación das diferentes seccións sindicais xa constituídas e para levar o anarcosindicalismo ás empresas onde aínda no ten presenza a **CGT**. A labor prioritaria, ademais dos distintos conflitos laborais, será organizar o Primeiro de Maio.